

O director xerente de SEAGA, en virtude das facultades outorgadas polo Consello de Administración da empresa, e de conformidade co establecido no apartado 3 das bases xerais de 27 de abril de 2010 (D.O.G 28/04/2010) para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A., polo sistema de listas previas por categorías, ACORDA:

**Primeiro.- Apertura do prazo de actualización de méritos por parte dos/as integrantes das listas previas e/ou, de ser o caso, dos/as novos/as candidatos/as a ser incluídos/as nas mesmas.**

De acordo co disposto no apartado 2.1.10 das bases xerais para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. de 27 de abril de 2010 (D.O.G de 28/04/2010), apertúrase o prazo para a presentación da documentación de novos/as candidatos/as a ser incluídos/as nas seguintes listas previas:

- Arquitecto
- Biólogo
- Enxeñeiro de Montes
- Enxeñeiro Agrónomo
- Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
- Licenciado en Dereito
- Licenciado en Económicas
- Titulado en Ciencias do Mar
- Arquitecto Técnico
- Enxeñeiro Técnico Forestal
- Enxeñeiro Técnico Agrícola
- Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas
- Técnico de Laboratorio
- Capataz
- Xefe de Brigada
- Maquinista-condutor
- Peón Especialista
- Peón

Así mesmo, acórdase a apertura de prazo para a presentación da documentación correspondente á actualización de méritos por parte dos/as integrantes das listas previas. No caso de listas previas pechadas, só poderán presentar documentación acreditativa dos novos méritos alegados os/as integrantes destas.

**Segundo.- Peches de determinadas listas para a incorporación de novos/as candidatos/as.**

De acordo co disposto no apartado 2.1.6 das bases xerais para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. de 27 de abril de 2010 (D.O.G de 28/04/2010), determínase o peche da incorporación de novas solicitudes nas seguintes listas previas ata nova resolución:

- Oficial Administrativo
- Auxiliar Administrativo

**Terceiro.- Documentación a presentar:**

O proceso de cualificación das candidaturas e actualización de méritos dos/as integrantes das listas previas, axustarase ao disposto nas bases xerais e bases específicas da correspondente convocatoria para cada categoría profesional:

- No caso de integrantes das listas previas que só desexen actualizar méritos, deberán achegar a documentación acreditativa dos mesmos que se axuste ao recollido nas bases específicas para a correspondente categoría profesional.
- No caso de novos/as candidatos/as a listas previas abertas (as establecidas no apartado primeiro desta resolución), deberán achegar a documentación que para cada categoría profesional se recolle no apartado “Solicitudes” das correspondentes bases específicas.

A actualización dos méritos serán computables ata o día 30 de setembro do 2021.

No caso do persoal que prestara ou preste servizos en SEAGA a esa data, a actualización de méritos correspondentes aos períodos traballados nesta empresa efectuarase de oficio por parte de SEAGA.

**Cuarto.- Presentación de renuncias e modificación de ámbitos e/ou perfís.**

Os/as integrantes de algunha lista previa que non desexen seguir formando parte da mesma, poderán presentar renuncia escrita ante o Director-Xerente de SEAGA, indicando a categoría profesional a que renuncian, no prazo e lugar os que se fai referencia no apartado quinto da presente resolución.

O mesmo prazo rexerá para os candidatos que estando inscritos nalgunha lista previa desexen modificar o ámbito territorial ou perfil profesional.

**Quinto.- Lugar e prazo de presentación:**

As solicitudes ou actualización de méritos dirixiranse ó Director-Xerente de SEAGA, e a súa presentación poderase facer:

- De luns a xoves en horario de 9:00 h a 14:00h e de 15:30 a 17:30h e os venres en horario de 9:00h a 14:00h. nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas en:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003-Lugo
- Pol. San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1) Parcela 1-G Nave 3, 32911-San Cibrao das Viñas - Ourense
- Lugar Cabanas-Salcedo, nº 54, 36143-Pontevedra
- Estrada N. VI, Km 581, 15640 Guísamo-Bergondo

**Será preciso acudir con cita previa** que se poderá solicitar a través dos seguintes teléfonos:

Santiago de Compostela: 881.997.199

A Coruña: 881.881.301

Lugo: 982.889.057

Ourense: 988.386.893

Pontevedra: 986.803.938

Recoméndase non esperar ao último momento para presentar a súa solicitude. Toda a documentación deberá estar cumprimentada no momento da súa presentación, a fin de limitar a permanencia nas instalacións de SEAGA.

Unicamente poderá acceder ás oficinas de rexistro a persoa interesada ou representante, é dicir, unha soa persoa por cita. Advírtese de que non se realizarán fotocopias.

Para un mellor funcionamento do servizo, lembre consultar tódalas súas dúbidas no momento de solicitude da súa cita previa.

-nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía mail, á dirección [seleccion@epseaga.com](mailto:seleccion@epseaga.com), acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resgardo acreditativo do envío que se entrega o cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección)

O apartado 2.1.10 das bases xerais para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A establece o prazo de actualización de méritos por parte dos integrantes das listas ou dos novos candidatos a ser incluídos dende o día 01 ata o 15 de outubro de cada ano. Non obstante, acórdase unha ampliación ata o día 02 de novembro de 2021.

Santiago de Compostela, a 23 de setembro de 2021

O Director-Xerente



Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira